

Daniel Miller (Estados Unidos, 1989)

Daniel Miller é un compositor, artista sonoro e programador afincado en Brooklyn, Nova York. A súa práctica creativa céntrase na exploración fenomenolóxica de materiais, procesos e tecnoloxías. A partir dos seus anos de experiencia como gravador de campo, Daniel traballa con micrófonos, altosfalantes, sistemas electrónicos e dixitais, e algoritmos concibidos para mellorar a percepción ou autómatas cuxos ámbitos se despregan mediante a exploración performativa.

A obra de Daniel interpretouse en diversos lugares de Norteamérica, Europa e Asia, e colaborou, entre outros, coas formacións Nouvel Ensemble Moderne, Ensemble Mise-En, International Contemporary Ensemble, Ensemble l'Itinéraire, Sound Energy Trio, NOW Ensemble e Ensemble MotoContrario.

Daniel recibiu en dúas ocasións o cobizado BMI Student Composer Award. Así mesmo, en 2013, foille outorgada a Thomas Jefferson Watson Fellowship, unha bolsa que lle permitiu investigar en sete países e ao longo de doce meses sobre o son ambiental. Recentemente, en 2017 e 2018, gozou dunha bolsa de investigación Fulbright-Nehru en Mysuru, India, onde tivo a oportunidade de colaborar con músicos e artistas sonoros hindús na Srishti School of Art Design and Technology co asesoramento do doutor Mysore Manjunath da Universidade de Mysore.

Tras estudar no Conservatorio de Ámsterdam, Daniel licenciouse en Música e Filosofía pola Universidade de Lawrence e cursou un máster en Músicas Dixitais en Dartmouth College, onde estudou composición co doutor Ashley Fure. Daniel mantén o seu interese pola filosofía e é un membro activo da comunidade de desenvolvemento de software de código aberto.

VERTIXE SONORA

Clara Saleiro, *frauta* / Pablo Coello, *saxofón* / Roberto Alonso, *violín* / Ailsa Lewin, *violonchelo* / Rubén Barros, *guitarra eléctrica* / David Durán, *piano* / Diego Ventoso, *percusión* / Ángel Faraldo, *electrónica e difusión multimedia* // Pablo Coello, *dirección musical* / Ramón Souto, *dirección artística*

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 18 de decembro de 2018

12:00-13:00 h

Concerto didáctico para centros escolares

20:30 h

CONCERTO JULIÃO SARMENTO. *WITHOUT*

Lesley Hinger *Shades of White** (2018)

frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano e percusión

Christian Märkl *Forbidden Gardens** (2018)

frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión e electrónica

Dariya Maminova *Microstories** (2018)

frauta, saxofón, violín, violonchelo, guitarra eléctrica e piano

Daniel Miller *raycaster** (2018)

frauta, saxofón, violín, violonchelo, guitarra eléctrica, piano, percusión e electrónica

*Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

AS OBRAS

Shades of White

Existe unha gran sutileza e múltiples variantes do que podemos interpretar como cor branca, desde un cru pálido ata un gris luminoso e tenue; unha vibración silenciada ou un brillo apagado. Inspirada pola obra de Julião Sarmento, *All the different shades of white found in the studio at this time* (2018), esta peza explora o concepto de pequenas transformacións sutís en distintos tons de branco nunha progresión harmónica que cambia mediante a introdución da distorsión dun ton fundamental. Elementos de ruído cóanse mediante lixeiras inflexións microtonais e cambios graduais de timbre reflectindo as sutís disparidades presentes na obra de Sarmento, composta por 12 pinturas con 12 tipos diferentes de pintura branca sobre lenzo.

E se a ausencia total de cor reflicte e difunde a luz que vemos, o mesmo sucede coa resonancia no espazo dunha galería baleira. A peza evoca o eco atenuado dun son máis dramático que resoa entre as paredes dunha habitación, e a deformación das frecuencias de onda a medida que o son atravesa o espazo.

Forbidden Gardens

Esta peza pertence a un grupo de obras que constitúen verdadeiras expresións musicais de escapismo. Do mesmo xeito que *Escapo* (2017), *Forbidden Gardens* combina estruturas musicais

que poden ser interpretadas como perigosas e belas ao mesmo tempo. Podemos escondernos no xardín prohibido, evitar ser descubertos, rodeados de flores exóticas e coloridas, de animais e froitas de dubidosa reputación. A peza parece o resultado da creación dun motivo pictórico relixioso e da noción dunha salvación imposible.

Do mesmo xeito que supostamente fai Sarmento en moitas das súas obras, *Forbidden Gardens* ocúpase da realidade. É probable que a intención de Sarmento sexa reflectir e analizar a realidade mostrando detalles de relatos cinematográficos. *Forbidden Gardens*, con todo, conduce o espectador por un camiño que discorre entre varias realidades, e introdúceo nun túnel de direccións confusas e contraditorias.

Microstories

A obra para *ensemble Microstories* é unha compilación de pezas cuxa duración oscila entre 1 segundo e 1 minuto. Para a súa composición inspireime no traballo de Julião Sarmento e máis concretamente na noción de microhistoria, formulada polo comisario David Barro no texto curatorial do catálogo que acompaña á exposición: “Moitas das súas obras conteñen imaxes de imaxes e están relacionadas entre si, aínda que funcionen de maneira independente, abrazando a ambigüidade do seu significado. Trátase de microrrelatos que asumen a múltiple potencialidade do cinema...”.

raycaster

En infografía *raycasting* é o proceso consistente en buscar, dentro da escena virtual, a intersección dunha superficie virtual cun raio invisible que emana dun punto situado fóra do espazo. Na obra de Julião Sarmento sinto constantemente a presenza dese espectador invisible, a mirada ou o obxectivo que regurxita a súa existencia unicamente a través dunha autoencarnación sensual na materia que persegue. Esa dualidade de substancia e forma, que David Barro compara cos constantes xiros de ángulo da cámara de Pasolini, lémbraunos tamén a David Hume, para quen a observación coherente e ininterrompida do mundo que nos rodea é un imposible.

Os nosos orificios perceptivos proporcionannos un fluxo ininterrompido e incoherente de información a partir do cal reconstruímos as nosas percepcións de continuidade. En *raycaster*, o raio invisible expón unha forma lúdica de superar a brecha fenomenolóxica. Convido o intérprete e o espectador para participar nun acto consciente de autoengano, aceptando como posibilidade a existencia de autorrealizacións alternas. A través de micrófonos que funcionan como substrato, pero tamén como próteses perceptivas, a través dos altosfalantes que funcionan ao mesmo tempo como reprodutores e como actores, e mediante unha sorte de autoxénese de materia física e son monolítico no que podemos proxectar unha corporeidade allea.

OS COMPOSITORES

Lesley Hinger (Canadá, 1983)

Compositora de música acústica e electroacústica, actualmente reside en Calgary, Alberta, Canadá. Gústalle escribir música que brille, ilumine, flote, renxa e vire como unha buxaina, ademais doutras moitas cousas. A súa música foi interpretada e analizada en talleres de Norteamérica e Europa por numerosas formacións como International Contemporary Ensemble (ICE), Arditti String Quartet, Sound Icon, Land’s End Ensemble, Ensemble Resonance, Ensemble

contemporain de Montréal, L’Orchestre de la Francophonie, Ensemble l’Arsenale, Strata Ensemble, Violet Collective, e a Orquestra Sinfónica de Vancúver. As súas obras interpretáronse en numerosos festivais entre os que destacan Third Practice (Virxinia), the National Arts Centre Summer Music Institute (Ottawa), Composit (Italia), Strata Festival (tamén coñecido como Sask New Music), Toronto Creative Music Lab, New Music Edmonton’s ‘Now Hear This’ Festival, e no Banff Centre for Arts and Creativity.

Obtivo o título de doutora en Composición pola Universidade de Boston en 2014, baixo a dirección de Joshua Fineberg. Licenciouse en Música, na especialidade de Composición, pola Universidade de Calgary, e cursou un máster de Música na Universidade da Columbia Británica. Ademais é cofundadora e organizadora, xunto coa súa colega e tamén compositora Heather Stebbins, do ciclo de concertos *Acoustic Uproar* con base na cidade de Boston, cuxo fin é promover compositores e intérpretes emerxentes no campo da programación de música contemporánea fóra do ámbito académico e das salas de concertos.

Christian Märkl (Alemaña, 1979)

Compositor e musicólogo alemán. Entre os seus principais intereses están os temas do ámbito da musicoloxía, así como as formas tradicionais e modernas de creación musical: ademais de compoñer música de cámara, investiga no campo da creación de instrumentos, sons de tubo, utiliza microcontroladores, crea música baseada en redes e composicións electroacústicas. Identifícase con ideas relacionadas coa música e a natureza, coa vertente ecolóxica e ambiental da arte sonora, e con determinados aspectos propios da relixión e do neoexpresionismo.

A través das súas decisións musicais libérase de calquera convención. Simpatiza con certas ideas afíns ao espectralismo, e para el o material harmónico non ha de ter forzosamente harmonía. Märkl ten un máster en Musicoloxía, estudou ademais Pedagogía e Psicoloxía e graduouse en Composición pola Escola de Música Franz Liszt de Weimar. Traballou como docente nesta institución e presta servizos de asesoría no ámbito como musicólogo especializado na identificación de manuscritos musicais.

Fóra do seu país, Märkl estudou na Universidade de Granada e na Academia de Música e Danza de Israel. Ademais destas estancias na periferia de Europa e de desempeñar diversas ocupacións en Polonia, República Checa e Rusia, asistiu a clases mestras con Philippe Leroux, Augustí Charles e Fabian Panisello, e colaborou, entre outras, coas seguintes formacións: Meitar Ensemble Tel Aviv, Ensemble Via Nova Weimar, Ensemble Marges, Gotha Philharmonic Orchestra e Neue Vokalsolisten Stuttgart.

Dariya Maminova (Rusia, 1988)

O traballo desta pianista e compositora residente en Colonia desenvólvese nos campos da música, o teatro musical, a improvisación, a música e o vídeo, a música e a danza, e a música electroacústica.

É intérprete e compositora de «MAMI NOVA project» (www.mami-nova.com) e como tal participou en diferentes festivais e proxectos de novas músicas.

Estudou piano no Conservatorio Rimsky-Korsakov de San Petersburgo, Composición na Escola Superior de Música de Detmold co profesor Fabien Lévi e na Escola Superior de Música e Danza de Colonia con Johannes Schöllhorn e Brigitta Muntendorf.